



Colexio profesional de  
enxeñaría técnica en  
informática de Galicia

Estimados señores:

É para mín un pracer dirixirme a vostedes a fin de informarlles sobre a VIII Xornada de Informática Xudicial, #IURISTICGAL18, organizada polo Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG), coa colaboración da Xunta de Galicia e a dirección técnica de Víctor Salgado, do bufete Pintos & Salgado,.

A xornada terá lugar o día **10 de outubro** na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, baixo o título *Privacidade, Blockchain e ciberseguridade*.

O obxectivo é informar e concienciar aos xuristas e outros profesionais forenses dos avances en materia xurídica e probatoria nos casos en que intervéñen o factor informático no proceso e dos importantes beneficios da incorporación e uso das novas tecnoloxías no propio proceso xudicial, así como sensibilizar sobre a axuda que poden prestar os peritos informáticos nas causas xudiciais e as claves de valoración da proba informática.

En definitiva, trátase de dotar de maior seguridade xurídica á nova realidade tecnolóxica ao tempo que incrementar a efectividade e a eficiencia da administración xudicial co uso das novas ferramentas electrónicas e forenses avanzadas.

Intervendrán como relatores Santiago Márquez Solís, CTO en Clluc e autor do libro "Bitcoin: Guía completa de la moneda del futuro"; Luis de Salvador Carrasco, subdirector xeral adxunto da Inspección de Datos da AEPD; Silvia Barrera, inspectora da UIT da Policía Nacional; e Eloy Velasco, maxistrado da Sala de Apelación da Audiencia Nacional.

No desenvolvemento da sesión está prevista unha comida á que asistirán os relatores e o público participante. Pode consultarse o programa completo en <http://iuristicgal.cpetig.gal>

Esta xornada, que chega á súa VIII edición consolidada como referente a nivel estatal na súa temática, enmárcase no compromiso do CPETIG de ofrecer formación para que o colectivo de profesionais da xustiza coñeza mellor a esixente realidade tecnolóxica e a potencialidade das novas tecnoloxías no ámbito xudicial.

O panel de relatores das seis edicións anteriores configura unha selección de relevancia nacional e internacional, que se verá complementada co equipo desta VIII edición e cos relatorios que van presentar, todos de vibrante actualidade.

Considerando que os temas que se van tratar serán interesantes para os membros da súa entidade, agradecemoslle que difunda esta actividade a través dos medios dos que dispoña (web, redes sociais, newsletter) e o envío específico á súa base de datos de persoas asociadas.

En agradecemento á súa colaboración, ofrécese un importante **desconto** aos seus asociados no prezo da inscrición mediante un código que se lle facilitará e deberá ser introducido na web á hora de formalizar a inscrición. Os datos de contacto para recibir o código son o teléfono 676282701 e o mail [juristicgal@cpetiq.gal](mailto:juristicgal@cpetiq.gal).

Na seguinte táboa aparecen a cota para o público xeral e a cota con desconto ofrecido:

Público xeral

Material + Café +Xantar
20 €

A súa entidade

Material + Café + Xantar
15 €

Confianto en ter a oportunidade de saudalos persoalmente o vindeiro 10 de outubro e agradecendo a súa colaboración na difusión desta Xornada, reciban un cordial saúdo.

Atentamente

Marcos J. Mata Mansilla  
Presidente